
NORMAS PARA O USO DO SERVIZO DE AUTOCOPIA NA SALA DE INVESTIGADORES DO ARQUIVO HISTÓRICO DA USC

A realización de fotografías por parte das persoas usuarias con dispositivos móbiles propios (teléfonos e tabletas) ou cámaras compactas requirirá da **autorización previa** do persoal técnico da Sala de Investigadores do Arquivo Histórico Universitario e da presentación do **formulario de solicitude** cuberto e asinado para constancia e control da reprodución.

O uso deste servizo de autocopia deberá realizarse atendendo obrigatoriamente ao establecido nas condicións e no procedemento de reprodución que se indicará a continuación.

No caso de que o persoal do Arquivo detecte que a persoa usuaria incumpre algunha das normas establecidas, será advertida para que proceda ao seu cumprimento e mesmo poderá denegar a realización das fotografías no caso de que a manipulación e/ou a reprodución que se está a realizar da documentación estea a provocar un deterioro ou afecte á súa correcta conservación.

CONDICIÓNNS PARA A REPRODUCCIÓN

1. Só poderá ser reproducida con medios propios a documentación que se atope en bo estado de conservación.
2. Tampouco se poderá fotografar se presenta limitacións de acceso, consulta ou reprodución (fondo documental en depósito temporal que non contempla a posibilidade de copia, porque require autorización expresa da/s persoa/s titular/es dos dereitos, porque contén datos persoais ou que afectan á intimidade persoal, por dereitos de propiedade intelectual, por razóns de formato ou das características do soporte, etc.).
3. O persoal técnico da sala poderá establecer limitacións parciais ou totais ás reproducións atendendo ás excepcións expostas nos puntos 1 e 2.
4. As fotografías deberán ser realizadas na Sala de Investigadores baixo a presenza e supervisión do persoal técnico unha vez obtida a autorización previa e tras cubrir o formulario de solicitude que está dispoñible na citada sala.

5. En ningún caso se permite a toma de fotografías xerais da Sala de Investigadores nin doutras persoas usuarias, das instalacións do arquivo, das cámaras e doutros medios de seguridade, así como tampouco se autoriza a gravación de vídeos ou audios.

PROCEDIMENTO PARA A REALIZACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS

- ✓ Sinalar cun marcador de papel, proporcionado polo persoal do Arquivo, as follas do libro, o/s documento/s ou o/s expediente/s que se desexen fotografar.
- ✓ Informar ao persoal técnico da sala das fotografías que se desexan realizar.
- ✓ Unha vez autorizada a reprodución, o persoal do Arquivo facilitará o formulario de solicitude para que sexa cuberto e asinado pola persoa solicitante.
- ✓ A persoa usuaria non poderá mover a documentación dun lugar a outro da sala nin alterar a ordenación dos documentos, requirindo, en todo caso, ao persoal do Arquivo a axuda que precise para a manipulación.
- ✓ No momento de proceder a fotografar a documentación, debe asegurarse de que o flash e o son do dispositivo que utilice estean desactivados.
- ✓ Non está permitido forzar as encadernacións, facer dobreces nas follas ou manipular con descoido a documentación para facilitar a captura das imaxes. **Tratar inadecuadamente os documentos será motivo da denegación da autorización da súa reprodución por medios propios.**
- ✓ A persoa usuaria informará ao persoal técnico do remate da realización das fotografías para que este proceda á retirada da documentación e a súa devolución ao depósito.

CONDICIÓNS DE USO DAS FOTOGRAFÍAS:

As fotografías obtidas serán **exclusivamente de uso privado** ou para **actividades de docencia e investigación**. En ningún caso se autoriza o seu uso con fins comerciais, distribución e explotación nin tampouco supón autorización para a súa publicación, difusión e comunicación pública que requirirá da autorización expresa e por escrito do Arquivo Histórico Universitario conforme ao formulario de solicitude correspondente.

O uso das imaxes resultantes da reprodución deberá, en calquera caso, respectar a lexislación vixente en materia de protección de datos, propiedade industrial e propiedade intelectual/dereitos de autor. As persoas usuarias serán as únicas responsables do seu uso ilexítimo, indebido ou non autorizado.